

# **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN – S.18.2024**

## **Data e hora de celebración**

8 de outubro de 2024 ás 10:00 h.

## **Lugar de celebración**

Casa do Concello - 2º andar

## **Asistentes**

PRESIDENTA

Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta

SECRETARIO

Don Alejandro Fernández Cortés, xefe do Servizo de Contratación

VOGAIS

Dona María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

Don Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral

## **Orde do día**

- 1.- Aprobación de acta: S.17.2024 - Aprobación de acta de sesión anterior
- 2.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2023/103 - Servicio para la gestión de las escuelas infantiles municipales (EIMS) del Ayuntamiento de Narón.
- 3.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2023/103 - Servicio para la gestión de las escuelas infantiles municipales (EIMS) del Ayuntamiento de Narón.
- 4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón
- 5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón
- 6.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón
- 7.- Proposta adxudicación: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón
- 8.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/2024/19 - Suministro de enerxía eléctrica en las

dependencias, servicios e instalaciones técnicas del Ayuntamiento de Narón

9.- Proposta adxudicación: CON/2024/19 - Suministro de energía eléctrica en las dependencias, servicios e instalaciones técnicas del Ayuntamiento de Narón

### **Exponse**

1.- Aprobación de acta: S.17.2024 - Aprobación de acta de sesión anterior

A Mesa acorda a aprobación da acta correspondente á sesión S.17.2024, celebrada o pasado 2 de outubro de 2024.

2.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2023/103 - Servicio para la gestión de las escuelas infantiles municipales (EIMS) del Ayuntamiento de Narón.

Concorreron as seguintes empresas:

NIF: B15922230 AURORA PILAR Y ANA, S.L.

NIF: A79022299 EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.

NIF: A87045423 KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.

NIF: B35537836 PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L.

NIF: B56328008 SAVISU SOLUCIONES S.L.

Logo do descifrado, apertura e lectura do “Sobre ou arquivo da declaración responsable: DEUC e declaracións”, a Mesa acorda admitir a todos os licitadores.

3.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2023/103 - Servicio para la gestión de las escuelas infantiles municipales (EIMS) del Ayuntamiento de Narón.

Procédese ao descifrado e apertura do “Sobre ou arquivo 1: Documentación referente aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor”, das ofertas das empresas que resultaron admitidas:

NIF: B15922230 AURORA PILAR Y ANA, S.L.

NIF: A79022299 EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.

NIF: A87045423 KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.

NIF: B35537836 PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L.

NIF: B56328008 SAVISU SOLUCIONES S.L.

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario para a emisión do correspondente informe de valoración das ofertas técnicas presentadas.

4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola xefa da Sección de Deportes, en data 3 de outubro de 2024, polo cal se valoran as propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

| EMPRESA              | PUNT. XUIZO VALOR |
|----------------------|-------------------|
| CLECE FS S.A.        | 18,00             |
| JARDINERÍA ARCE S.L. | 43,00             |

Por non acadar o limiar mínimo de 22,50 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, a empresa CLECE FS S.A. é automaticamente excluída, e o sobre coa oferta económica e non será aberto.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón

Procédese ao descifrado e apertura do “Sobre ou arquivo 1: Documentación referente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor” da única empresa que superou a primeira fase de valoración:

NIF: B15547979 JARDINERIA ARCE S.L.

Observándose os seguintes datos:

| EMPRESA              | OFERTA S/ IVE | OFERTA C/ IVE | OFERTA A EFECTOS BAIXA | PRESUNCIÓN ANORMALIDADE |
|----------------------|---------------|---------------|------------------------|-------------------------|
| JARDINERÍA ARCE S.L. | 35.321,64 €   | 42.739,18 €   | 33.171,64 €            | SI                      |

De acordo cos criterios establecidos na cláusula 26ª do PCAP, esta oferta considérase, en principio, desproporcionada, polo que a Mesa, en aplicación de dita cláusula, acorda outorgar a JARDINERÍA ARCE S.L. un prazo improrrogable de cinco días hábiles para que presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación xustificativa dos baixos valores ofertados.

6.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón

Este punto non se celebra, á espera da realización dos trámites sinalados con anterioridade.

7.- Proposta adxudicación: CON/2024/42 - Mantemento dos campos de herba artificial do Cadaval e do Val en Narón

Este punto non se celebra, á espera da realización dos trámites sinalados con anterioridade.

8.- Valoración criterios avaliados automáticamente: CON/2024/19 - Suministro de energía eléctrica en las dependencias, servicios e instalaciones técnicas del Ayuntamiento de Narón

Outorgado na sesión S.17.2024 trámite de subsanación á empresa ENSTROGA, S.L.U. para a presentación da documentación administrativa requirida para concorrer á licitación, por non figurar esta en ningún dos sobres presentados, obsérvase que a empresa presenta o DEUC asinado dixitalmente en data 30 de setembro de 2024, isto é, con anterioridade á hora de presentación da oferta na Plataforma de Contratación do Sector Público. Comprobado que o documento posúe o contido que faculta a ENSTROGA S.L.U. a concorrer á licitación, a Mesa acorda a súa admisión definitiva.

Na mesma sesión S.17.2024, a Mesa outorgou tamén a ENSTROGA, S.L.U. un prazo de cinco días hábiles para que presentase, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación xustificativa dos baixos valores ofertados, por estar a súa oferta incurso en presunción de anormalidade, de acordo cos criterios establecidos na cláusula 26ª do PCAP. Presentada a xustificación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, o xefe dos Servizos Básicos emite un informe, en data 7 de outubro de 2024, no que, analizada a documentación achegada, propón a non aceptación da oferta por considerala anormal ou desproporcionada. A Mesa fai seu o contido deste informe (que deberá ser publicado para xeral coñecemento) proponendo a cualificación da oferta de ENSTROGA, S.L.U. como anormalmente baixa.

No mesmo acto, a Mesa acorda a seguinte valoración das ofertas, de acordo coa cláusula 12ª do PCAP, excluindo de dita valoración a ENSTROGA, S.L.U. (por estar proposta a súa oferta como anormalmente baixa), e GASILUZ ECO ENERGÍA S.L. (por terse rexeitada a súa oferta, segundo o indicado na sesión S.17.2024:

| EMPRESA  | PUNT. OFERTA |
|--|--------------|
| AUDAX RENOVABLES S.A.  | 29,32        |
| COMERCIALIZADORA DE ELECTRICIDAD Y GAS DEL MEDITERRANEO S.L. | 88,83        |
| GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.                           | 100,00       |
| IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.                                   | 66,48        |
| POTENZIA COMECIALIZADORA S.L.                                | 57,70        |
| SAMPOL INGENIERÍA Y OBRAS, S.A.                              | 23,49        |

9.- Proposta adjudicación: CON/2024/19 - Suministro de energía eléctrica en las dependencias, servicios e instalaciones técnicas del Ayuntamiento de Narón

De acordo coa anterior valoración, a Mesa acorda a seguinte lista ordenada por orde decrecente de puntuación:

| Nº ORDE | EMPRESA  | PUNTUACIÓN | OBSERVACIÓNS                 |
|---------|--|------------|------------------------------|
| 1       | GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.                           | 100,00     | Proposto para a adjudicación |
| 2       | COMERCIALIZADORA DE ELECTRICIDAD Y GAS DEL MEDITERRANEO S.L. | 88,83      |                              |
| 3       | IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.                                   | 66,48      |                              |
| 4       | POTENZIA COMECIALIZADORA S.L.                                | 57,70      |                              |
| 5       | AUDAX RENOVABLES S.A.  | 29,32      |                              |

| Nº ORDE | EMPRESA                         | PUNTUACIÓN | OBSERVACIÓNS |
|---------|---------------------------------|------------|--------------|
| 6       | SAMPOL INGENIERÍA Y OBRAS, S.A. | 23,49      |              |

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 10 horas e 58 minutos, redactándose a presente acta de cuxo contido eu, como Secretario, dou fe co visto e praxe da Presidenta

D. Alejandro Fernández Cortés

Dna. Marián Ferreiro Díaz

Xefe do Servizo de Contratación – Secretario

Alcaldesa-Presidenta – Presidenta da Mesa